

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 20

X
O
S
É

M
A
R
Í
A

D
Í
A
Z

C
A
S
T
R
O



LETRAS GALEGAS 2014
C.E.I.P. MONTEMOCOS
BELUSO

ÍNDICE

EDITORIAL.

TRABALLOS DE INFANTIL.

TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

TRABALLOS DE INGLÉS.

TRABALLOS DE MÚSICA.

TRABALLOS DO DEP. ORIENTACIÓN.

EDITORIAL

Os alumnos de sexto despedímonos recordando a Roberto Vidal Bolaño, autor ao que se lle dedicou o ano 2013 o Día das Letras Galegas.

TEMPO 4

**“Dende a negrura volve
chegar o relembro das
voces de aqueles nenos”**

VOZ NENO UN: Que pensades ser cando sexades maiores?

VOZ NENO DOUS: Calquera cousa, xefe, por exemplo.

Son os que máis gañan e os que menos traballan.

VOZ NENO TRES: Eu serei explorador. Ou inventor.

Ou descubridor de algo.

**VOZ NENO UN: Eu o único que quero cando sexa maior, é que non
haxa nunca escola.**

VOZ NENO TRES: ¿E tí, Esther?

VOZ DE NENA: ¿Eu?


VOZ NENO TRES: Si, ti.

VOZ DE NENA: Libre, coma os paxaros.

CAE O PANO”





“Rastros” de Roberto Vidal Bolaño

E nós seremos ademais: fisioterapeutas, xinetes, veterinarios, canoistas, deseñadores de moda, camareiros, cociñeiros, albaneis, comerciais, policía, futbolistas, bateeiros, tenistas, coidadores de nenos en gardarías,...



HOMES E MULLERES PREHISTÓRICOS

Os nenos e nenas de 5º de Educación Infantil decidimos investigar como vivían, como se alimentaban e como pintaban os homes e mulleres que viviron hai moitos, moitísimos anos, nun tempo que aínda non se coñecía a escritura e que por iso se chama "PREHISTORIA".



A PINTURA

PINTABAN MAS
PAREDES
EDUAS



PINTABA NOS A NIMNIS
CAZABAN AS VES TAMEN
PINTABAN PERSOAS



FACIAN A PINTURA
CON GRAXA ANIMAL
TERRA - SANGUE ..

EXPERIMENTAMOS CON DISTINTOS MATERIAIS PARA FACER ...

PINTURAS!!!



**CON GRAXA DE PORCO E BARRO
FACEMOS A COR MARRÓN**



**CON DIFERENTES VEXETAIS TENTA-
MOS CONSEGUIR OUTRAS CORES**



FRESAS PARA O VERMELLO



**HERBAS PARA O VERDE...
NON O CONSEGUIMOS!**

**FLORES AMARE-
LAS QUE MA-
CHACAMOS PA-
RA O AMARELO**



RIMARTE

FROITAS NAS BARRIGUIÑAS E DESPOIS UNHAS RIMIÑAS



JOAN MIRÓ

PINTOR, ESCULTOR E CERAMISTA.

NACEU EN BARCELONA NO 1893.

DENDE OS 18 ANOS ADICOUSE Á PINTURA.
VIVIU EN PARÍS.

PINTOU VARIOS
AUTORRETRATOS.
NÓS TAMÉN.



COÑECEMOS ALGUNHAS DAS SÚAS
PINTURAS SURREALISTAS.

PINTÁMOLAS E FIXEMOS OS DISFRACES.



"ESTRELAS, PAXAROS,
OLLOS E PEIXES"
UN MURAL COLECTIVO




ESCULTURAS E
MOSAICOS



6º EDUCACIÓN INFANTIL



MUJER CON
BONITO SOMBRERO
ESTRELLA



POEMA CON ARTE

Este ano, con moita arte
o alumnado de primeiro
non iremos a Marte,
e traballaremos a **LAXEIRO**,
que para facer algún retrato
comezou sendo barbeiro.

Pintor en Lalín nacido
na rica terra do cocido
pintou "Muñecos en el olvido"
e outras moitas obras
como a titulada "Coplas"
ou unha dun fantástico mundo
que se chamaba "Trasmundo".
Con moita imaxinación
debuxou un "Mascarón"
e tamén unha "Reunión"
que debes observar con atención.

Tiña Laxeiro unha amiga
a que un cadro lle dedicou
"Homenaje a Lala" se chama
e moito nel traballou.

Se mais cousas queres saber
a Fundación Laxeiro debes ir ver
en Vigo a atoparás
e cos seus cadros te sorprenderás.

NÓS TAMÉN PINTAMOS A LAXEIRO



Alumnos e alumnas de 1º

ENTREVISTA A LOS MAYORES DEL CENTRO “ANDURIÑA” DE BUEU

El viernes, 7 de marzo, visitamos el Centro de Día “ Anduriña ” de Bueu las niñas y niños de 4º de Educación Infantil, y 2º de Educación Primaria. Fue muy interesante conocer a las personas que van allí a realizar actividades varias horas al día, a las que trabajan con ellas y a las que las cuidan. También nos enseñaron las instalaciones que tienen: salón, gimnasio, peluquería, sala de ordenadores...Nos gustó mucho, sobre todo, hablar con algunos de los mayores. Les hicimos tres pequeñas entrevistas para no cansarlos demasiado. Además, era el cumpleaños de Nieves, y nos invitaron a la fiesta que le tenían preparada. Todos fueron muy amables con nosotros y lo pasamos muy bien.

-PREGUNTA: ¿ Cómo se llama ?.

-RESPUESTA: Jaime.

-P : ¿ Dónde vive ?.

-R : Vivo en Bueu.

-P : ¿ Cuántos años tiene ?.

-R : Tengo 82 años.

-P : ¿ Tiene hijos ?.

-R : Sí, tengo dos hijos.

-P : ¿ En qué trabajaba ?.

-R : Era conductor de autobús.

-P : ¿ A qué jugaba de pequeño ?.

-R : Iba a la escuela.

-P : ¿ Qué actividades hacen aquí ?

-R : Cantar, dibujar, gimnasia...

-P : ¿Cuál le gusta más ?.

-R : Cantar y gimnasia.



-P : ¿ A qué hora viene ?.

-R : Sobre las nueve de la mañana.

-P : ¿ A qué hora se va ?.

-R : Me voy a la una.

-P : ¿ Tiene muchos amigos aquí?.

-R : Sí, todos son amigos.

-PREGUNTA: ¿Cómo se llama ?.

-RESPUESTA: Me llamo Josefa.

-P : ¿ Dónde vive ?.

-R : Vivo en Seijo.

-P : ¿ Cuántos años tiene ?.

-R : Tengo 80 años.

-P : ¿ Tiene hijos ?.

-R : Sí, cuatro hijos y cinco nietos.

-P : ¿ En qué trabajaba ?.

-R : Tenía un comercio.

-P : ¿ A qué jugaba de pequeña ?.

-R : Sólo iba a la escuela.

-P : ¿ Qué actividades hacen aquí ?

-R : Cantar, escribir, dibujar, manualidades, gimnasia...

-P : ¿Cuál le gusta más ?.

-R : La que más, la gimnasia.

-P : ¿ A qué hora viene ?.

-R : Llego sobre las nueve.

-P : ¿ A qué hora se va ?.

-R : Me voy a la una y media.

-P : ¿ Tiene muchos amigos aquí ?.

-R : Todos.



-PREGUNTA: ¿Cómo se llama ?.

-RESPUESTA: Luísa.

-P : ¿ Dónde vive ?.

-R :En Cela.

-P : ¿ Cuántos años tiene ?.

-R : Ya tengo muchos.

-P : ¿Tiene hijos ?.

-R :Cuatro hijos y siete nietos.

-P : ¿ En qué trabajaba ?.

-R :En el campo.

-P : ¿ A qué jugaba de pequena ?.

-R :A la rueda.

-P : ¿ Qué actividades hacen aquí ?

-R :Dibujar, escribir, cantar, gimnasia...

-P : ¿Cuál le gusta más ?.

-R :Cantar.

-P : ¿ A qué hora viene ?.



-R :Vengo a las 11 de la mañana.

-P : ¿ A qué hora se va ?.

-R :A la una y media.

-P : ¿ Tiene muchos amigos aquí ?.

-R :Todos somos amigos.



UN PAR DE CONTOS

A FAME DO GATO E O RATO

Esta é a historia dun gato chamado Guancho que vivía moi feliz na súa casa.

Unha mañá espertouse e cando foi almorzar, atopou o seu cunco baleiro. Pasou varios días na busca do culpable. Ata que unha noite atopou no seu cunco un rato que lle estaba a comer a comida. Cando o rato viu a Guancho, botou a correr. O gato perseguiu-no coa intención de papalo enteiro. Pero, cando viu como o rato deixaba toda a comida na entrada dun buraco onde o agardaban unha rata e uns ratiños, decidiu deixalo escapar.

Dende aquel día Guancho déixalle todas as mañás parte do seu almorzo á familia de ratiños e pensa: "Ningún animalíño vai pasar fame na miña casa".



Fernando Mendiña Soage

UNHA EXCURSIÓN ÁS MINAS

Unha tarde de verán, meu pai, miña nai e máis eu decidimos ir de excursión a unha mina abandonada.

Ao chegar á mina, collemos un mapa e comezamos a explorala. Nun punto



do percorrido chegamos a unha gruta misteriosa onde atopamos unha reliquia e... ao collela, sentimos un tremor. Saímos correndo, pero a porta da mina derrubárase e quedara cuberta de rochas e pedras moi grandes. Non nos asustamos. Consequimos acender unha lanterna e logo intentamos buscar un pico ou uns paus para conseguir unha saída apartando as rochas. Tivemos sorte. Cando por fin saímos levamos a reliquia, un xaguar de xade, ao Museo Massó de Bueu.

José Martínez Estévez

SALVADOR DALÍ

Un equipo de nenos e nenas de terceiro de Primaria decidimos facer este traballo sobre o pintor *Salvador Dalí* para saber un pouco máis sobre este personaxe tan especial, célebre polo seu bigote e a súa obra innovadora, e que foi a nosa inspiración para o pasado Entroido.



BIOGRAFÍA E OBRA:

Salvador Dalí i Doménech naceu en Figueres (Cataluña) na primavera de 1904.

Desde moi pequeno amosou un grande interese pola pintura. Aos catorce anos fixo a súa primeira exposición. Neses primeiros anos pintaba sobre todo retratos e paisaxes.

No 1928 viaxou a París e alí coñeceu ao grupo dos surrealistas. *Dalí* chegou a ser o máis famoso representante deste movemento que pretendía mesturar soño e realidade.



MUCHACHA
EN LA VENTANA, 1925.

Alí , en París, coñeceu tamén a *Gala* , o amor da súa vida , a cal inspirou gran parte da súa obra.



LA PERSISTENCIA
DE LA MEMORIA, 1931.

No 1940 viaxou con *Gala* a Nueva York , onde el triunfou , e alí viviron oito anos. Nesa etapa o seu estilo foi evolucionando ata o clasicismo e tamén se interesou pola física nuclear.



LA MADONNA
DE PORTLLIGAT, 1950.

No 1949 foi a Roma ver ao Papa . Esta visita impactouno tanto que se converteu ao catolicismo. Empezou así a súa etapa mística-nuclear, onde pintaba obras relixiosas , nas que ás veces *Gala* representaba á Virxe , combinada con elementos que flotaban.



NATURALEZA MUERTA,
VIVIENTE, 1956.

Nos anos cincuenta creou un estilo propio chamado delirio comestible. Nos seus cadros pintaba alimentos : costelas de año, ovos fritos , cereixas , pan , ourizos de mar ...

Dende o ano 1970 ata 1974 dedicouse case en exclusiva ao seu soño pendente , crear a obra surrealista máis grande do mundo : *O teatro-museo Dalí* en Figueres.



En 1982 faleceu *Gala* e a saúde de *Dalí* empeorou notablemente. Ata que o 23 de xaneiro de 1989 faleceu . Foi enterrado baixo a cúpula do seu *teatro-museo Dalí*.

FONTES :

"Descubriendo el mágico mundo de Dalí " (Océano-Travesía)

"Los 1000 protagonistas del siglo XX" (El País)

Internet : Galipedia

GRUPO DE TRABAJO : Eva Álvarez , Breixo Barco , Lucía Camaño , Sara Durán , Raquel Martínez, Diego Martínez , José Martínez , Zulema Pereira , Lucía Pretel e Kevin Reiriz.

PINTORES GALEGOS: AS VANGARDAS

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Vanguardia: Nun movemento artístico, grupo daquelas persoas que sosteñen a tendencia máis avanzada.

A partir de 1925 algúns pintores galegos como **Laxeiro, Maside, Seoane, Colmeiro, Souto e Torres** forman o grupo chamado os **NOVOS** ou **RENOVADORES**

Tratan de crear unha linguaxe nova na pintura de xeito que se poida fundir a tradición galega coas novas maneiras de pintar. Son artistas que viaxan e coñecen o que se está a facer noutros lugares como: Francia, Alemaña, Madrid, Barcelona...

Todo iso foi posible, en boa parte, grazas a que dende 1925 a Deputación de Pontevedra concedeu unhas becas para a formación dos pintores galegos, que lles permitía formarse no estranxeiro.

Os Novos inspíranse para os seus cadros na escultura románica e nas personaxes populares, na súa procura do auténtico e natural.

Carlos Maside

- Naceu o 17 de marzo de 1897 en Pontecesures (A Coruña) e finou en Santiago de Compostela o 10 de xuño de 1958.
- Maside mostra interese tanto pola realidade campesiña e mariñeira como polo mundo urbano, polas fábricas, os asteleiros.
- As súas figuras recoñécense por ser moi voluminosas.
- Foi pintor, debuxante e gravador.



"Cabeza de peixeira" (C. Maside)





"Asteleiro" (Carlos Maside)



Carlos Vidal



Santiago Porto



Jesús Herbello

Luís Seoane (Buenos Aires 1910 - A Coruña 1979)

- É un dos grandes renovadores da plástica galega no século XX.
- Foi pintor, ilustrador, debuxante, gravador, deseñador, editor, poeta e autor de ensaio e teatro.
- Completou a súa actividade artística coa posta en marcha de diversas iniciativas empresariais, entre as que destaca a fundación no 1968 do Laboratorio de Formas de Galicia, xunto a Isaac Díaz Pardo, que sería a xénese da futura Fábrica de Sargadelos e do Museo Carlos Maside.
- A súa obra xunta dúas fórmulas ás que mantén fidelidade: a memoria e a tradición do país e a vontade cosmopolita e de modernidade. O resultado é unha obra humanista na que emprega un grande abano de formas e materiais.



"El e ela" (Luís Seoane)



Carmen Comedeiro



Pablo Soage



"A chambrá branca" (Luís Seoane)



Abel Pastoriza

Laura Agulla

Alba Porto



A VINGANZA DAS FROITAS

Hai moito tempo existía un granxeiro ao que non lle gustaba nada traballar.

Un día as verduras e as froitas da súa horta, fartas de que non as atendese, foron cara a casa do granxeiro para facerlle un feitizo ...

-Balabis balabás cara de froita ti terás!

E, puf, ao granxeiro púxoselle cara de froita :

O nariz era unha cabaza,o queixo volvéuselle pera, os dentes eran ervillas, as fazulas un pexego a cada lado da cara.

A súa cabeza estaba cuberta por todo tipo de vexetais: uvas, perexil,cereixas,arandos...

O pobre home andaba a pensar como facer para volver a ser normal, cando, de súpeto,apareceu unha alcachofa que dixo:

- Se queres podo axudarche a recuperar a túa cara. Queres?

- Si, por favor. Gustaríame volver ser coma antes. Grazas alcachofa.

- Pois pídelles perdón ás froitas e verduras e...arranxado o problema!

O granxeiro pediulles perdón e volveu ser normal.

Desde aquel día coidou e regou as súas plantas. A súa era a horta máis fermosa de toda a comarca.



"Verán" G.Arcimboldo

(VÍCTOR GONZÁLEZ)

O MEU CUARTO

Ola, o meu nome é Rosalía e son unha famosa escritora de novelas.

Actualmente vivo en París, pero cando eu era pequena vivía cos meus pais na Illa de Ons, en Galicia, na provincia de Pontevedra .

Vivía nun cuarto que tiñamos arrendado nun hotel no que a miña nai traballaba de camareira.

O meu cuarto era grande, de cor azul , tiña unha cama ampla; na parede colgaban os retratos dos meus pais que se chaman Constantina e Benito. Na cabeceira había un perchero para colgar a miña roupa e os abrigos.

Un día despediron a miña nai e estabamos apurados para pagar a renda do hotel. Por iso, aínda que eu só tiña 12 anos, púxenme a traballar nun bar que se chamaba "O PIRATA". Alí gañaba 300 pesetas cada mes e así fomos pagando a factura e ademais puiden mercar un colchón novo, sabas brancas e un cobertor vermello. Tamén comprei unha xerra e unha almofía para lavar a cara e asearme sen ter que saír do cuarto .



"Cuarto de Van Gogh en Arles" V. Van Gogh

Aínda que pasaron moitos anos eu lembro aqueles tempos tan fermosos e tan duros da miña infancia, sobre todo aquel cuarto na Illa de Ons.

(GISELA PÉREZ PORTO)

HOME E ARPA

Érase unha vez un home que era pobre e tocaba a arpa nas rúas para gañar diñeiro, pero ninguén se achegaba a el porque a xente tiñalle medo. El non tiña nin nariz, nin boca, nin pescozo; so tiña un pé de pato e uns ollos negros como a noite.

Un día pasou pola rúa unha moza rica, pero que era un pouco mala e fachendosa. O home cando a viu namorouse dela e tocou un ritmo moi marchoso. A moza ao ver o seu aspecto ordenou aos seus gardas que o meteran no calabozo. A muller preguntoulle:

- Ti quen es?

El como non podía falar colleu a súa arpa e comunicouse co código Morse:

- Eu son un humano coma vós -traducíronlle os gardas.

- Iso é imposible! Pero... Ti tes cara de non mentir, non? Mmmm... Vale. Liberadeo!

O home colleu a arpa e marchou pensando que ela tamén estaba un pouco namorada del.

(IRIS FANDIÑO GARCÍA)



“Home e arpa”. Menchu Lamas

O VENDEDOR DE GLOBOS

Nun pobo preto da costa os seus habitantes celebraban as festas patronais.

Un vendedor de globos chamado Paco tiña moitos globos con forma de reloxo. Estaba ao lado do palco e berraba, intentando vender a súa mercadoría:

- Compren, compren globos para non perder a memoria, globos para non chegar tarde.

- Compren globos-reloxo! Nenos, nenas...

De súpeto un vento moi forte comezou a soprar e Paco agarrou con forza os globos-reloxo pero...non podía. Paco agarraba cada vez máis forte. Os globos parecían que querían chegar á Lúa.

Finalmente Paco non aguantou máis e soltounos.

O destino dos globos foi unha praia deshabitada a onde chegaron xa desinchados e cambiando totalmente a paisaxe.

Dende aquela esa praia é coñecida como a “Praia dos reloxo”

(ARIDANE MOREIRA)



“A persistencia da memoria”. Salvador Dalí.

Pintores Galegos:

Antón Patiño e Menchu Lamas

Aproveitando o tema deste ano sobre a pintura fixemos unha pequena investigación sobre estes dous pintores.

Antón Patiño

Antón Patiño naceu en Monforte de Lemos, en 1957.

É un escritor e pintor galego. Participa na creación da Revista Loia (1974-1978) con Manuel Rivas e os irmáns Xosé Manuel e Lois Pereiro.

Tamén fixo algo de poesía. Colaborou xunto con Menchu Lamas nas actividades do grupo poético Rompente (1978-1980) formado por Alberto Avendaño, Antón Reixa e Manolo Ramón.

Realizou diversas exposicións en diferentes museos de todo o mundo: París, Nueva York, Ámsterdam, Barcelona...

Casou con Menchu Lamas e tiveron un fillo, Lois Patiño, que é cineasta.

É un pintor abstracto, gústanlle as cores intensas; agás no ciclo "Mareas negras" (finais anos 80) suxerido polas catástrofes no litoral galego, onde predomina unha gama sombría pola necesidade de expresividade dramática.

Establecido en Madrid, participou activamente como pintor na renovación da arte española, na década dos anos 80. É membro fundador do Grupo Atlántica, sendo considerado un dos renovadores da arte contemporánea en España.

Ademais, Patiño escribiu ensaios e artigos sobre arte, poemario e tamén biografía, case sempre relacionados con mundo da arte.

É vicepresidente do círculo de Belas Artes de Madrid.



Fontes: Wikipedia, a enciclopedia libre-Galipedia.

Equipo de Traballo: Teresa Bernárdez, Darío Camiña, Andrea Cordeiro, Alexandra Durán, Carla Moital, Ana Ríos e Mario Soutullo (5º).

Menchu Lamas

Menchu Lamas Pérez é unha pintora galega nada en Vigo, en 1954. Está casada co pintor Antón Patiño Pérez (mencionado anteriormente).

Deuse a coñecer en 1976 en Vigo.

Menchu Lamas foi unha importante referente na pintura contemporánea española.



Ao principio dos anos 80 era membra do Grupo Atlántica, unha libre asociación de Artistas Galegos e interesados en romper co “modernismo manierista e rexionalismo estilizado” que prevalecía nese tempo. Para ela, como para os outros do grupo, o uso da cor vibrante foi unha liberación que lle permitiu desenvolver unha linguaxe propia, resultando nunha serie de pinturas, elaboradas durante o curso dos últimos vinte e cinco anos, que son, á vez, íntimas e monumentais.



As súas pinturas icónicas están caracterizadas polas súas amplas pinceladas, as súas cores primarias, case chillonas e o predominio de grandes e rectilíneos formatos. Presentan tamén unha iconografía reductiva baseada nas formas sinxelas: torsos, mans e círculos que marcan a medida da extensión do brazo da artista.

As súas obras xurden da espontaneidade e para elo utiliza as mans.

Menchu Lamas disfruta dunha distinguida traxectoria de exposicións e a súa obra atópase entre as coleccións públicas e institucionais máis importantes do país.



Fontes: Wikipedia, a enciclopedia libre-Galipedia. Kamaleao.com. El Correo Gallego.

Equipo de traballo: Carlota Bernárdez, Uxia Docampo, Manuel Estévez, Martín González, Daniel Moares e Iria Villanueva (5º).

Sabedes como comezou o entroido para os/as nenos/as de 5º de Primaria?

Escoitade pois...

Este entroido comezou (alomenos para min) o venres 28 de febreiro, no colexio. Cando cheguei aínda non había ninguén disfrazado, pero cando a mestra nolo dixo, nuns minutos, toda a clase estaba disfrazada. O tema deste ano era a pintura, polo que todos íamos disfrazados dalgo relacionado coa pintura, un exemplo, eramos nós, que íamos de pintores, pero os pequerrechos tamén se disfrazaron de paletas ou botes de cores. Cando chegou a hora, fomos a unha aula que se usa para actividades extraescolares e, puxemos toda a comida nunha gran mesa. De seguido, demos comezo a merendola, na que compartíamos os nosos pratos que eran: filloas, orellas...

Cando a merendola rematou fomos á aula a prepararnos a tope para presentar a interpretación aos nosos pais. Non quero ser chulito, pero nós fixémoslo moi ben.

Logo repetimos todo, esta vez para o resto do colexio, que estaba desexando ver a todos os cursos. Actuou todo o colexio, e algúns compañeiros



da miña clase fixeron dous bailes. Por último, fomos de desfile polas rúas de Beluso, e ao rematar, esperamos un pouquiño e fómonos para a casa. O día seguinte montaron unha festa no pavillón do colexio a que eu e varios amigos, aos que agora non vou nomear, asistimos. Había xogos, comida e diversión asegurada.

De súpeto apareceu Lucho (o dos Lunnis) e cando rematou de xogar con nós, púxose nun lado para que se sacaran fotos con el. Despois fixéronme un globo con forma de cisne e marchei. O domingo quedei na casa xogando. O luns fomos a Bueu porque había festa con inchables. Houbo que facer moita cola

pero ao final fun a unha colchoneta moi grande na que o pasei xenial. O martes quedamos na casa porque chovía moito e non quixemos saír.

O mércores fun a Bueu ao enterro da sardiña. Fun disfrazado de Ninja, ademais atopeime con algúns amigos e había un desfile de carrozas. Nós tamén participamos no desfile percorrendo as rúas de Bueu. Había moitísimos nenos e ao final queimaron a sardiña na praza de Massó.

Disfrutei moito no carnaval e paseino moi ben.

DARÍO CAMIÑA NÚÑEZ

Ola amigos, chámome Teresa e para min o entroido empezou o día 28 no colexio, co tema da pintura pintArte. Nós os de 5º disfrazámonos de artistas famosos. Eu vestínme de Frida Kahlo, unha pintora mexicana.

Despois de desfilas polas rúas de Beluso, subimos ao salón de actos e bailamos e cantamos a nosa versión de "sube a man pa arriba".

Despois dunha fin de semana descansada, o mércores fun a Bueu ao enterro da sardiña. Ese día disfraceime de Cruela de Vil, xunto á miña irmá que ía de India. No parque atopamos a Alexandra e Andrea, e xuntas desfilamos, onde máis tarde nos atopamos con Uxía, Aní, Manuel... Xuntos vimos a queima da sardiña, que era moi bonita, chea de cores, e xogamos na alameda cos sprays de neve, pero antes no desfile xa levamos un bo combate lanzándonos neve.

Aparte o domingo paseino xenial na queima do paxaro, que era moi grande, había moitas carrozas e todas me gustaron.

TERESA BERNÁRDEZ LÓPEZ

Ola, son Iris e vouvos falar sobre todas as celebracións que houbo no entroido, por suposto o que fixemos no colexio, o enterro da sardiña e o enterro do paxaro.

No colexio nós, os de 5º de primaria, fixemos dúas actuacións no salón de actos: primeiro, un baile, ó cal lle cambiamos a letra da canción con palabras relacionadas coa pintura, e despois, unha representación do cadro das meninas: o cadro feito por Velázquez. Todo iso para os pais, tíos, avós...

Cando os pais marcharon, vimos as actuacións dos demais nenos: de infantil e de primaria. Todo o colexio se disfrazou de pintores porque este ano o tema é a pintura.

O día 5 de marzo celebrouse o enterro da sardiña en Bueu.

Non había moita xente disfrazada, pero todos o pasamos moi ben. Eu atopeime cunhas amigas da clase, e no parque do concello xogamos.

O mellor día foi o domingo día 9, celebrouse o enterro do paxaro, case todo o mundo estaba disfrazado.

Vimos un desfile, alí había moitas persoas, ademais había moitas carruaxes: dos bolechas, a lúa, un grupo de música, por suposto nenos tirando do paxaro, tamén estaban as trillizas e Iria xunto con outras persoas.

Tivemos que esperar para ver a actuación; o que pasou foi que quedaron sen gasolina para poñer a música, pero non pasou nada, fixérono tan ben que mereceu a pena esperar. Despois xa bailaron.

IRIS REINOSA PATIÑO

A verdade amiguiños é que o carnaval é xenial porque hai moita troula. Voume a presentar, son Andrea e para min o carnaval empezou o venres pola mañá no colexio, onde fixemos un desfile por Beluso. O tema do colexio foi pintArte, polo tanto fomos disfrazados de: pintores, paletas, cores..., etc.

É increíble! Non choveu!. Con motivo desta celebración a ANPA fixo unha festa onde acudiron moitos pais e nenos



disfrazados. Eu disfraceime de Bufón da Corte, e cos meus amigos paseino xenial. Bailamos, xogamos e divertímonos moito.

Como o tempo non acompañou, o domingo, o luns e o martes estivemos na casa.

O mércores saíu o sol co enterro da sardiña. A troula comezou percorrendo as rúas de Bueu, rematando cunha música e inchables para os máis cativos. Haba xente con todo tipo de disfraces.

O enterro do paxaro malagoiro foi o domingo. Trátase dun desfile moi grande no que participan moitas carrozas e xente. Haba gran variedade de disfraces: feitos na casa e mercados. Estes disfraces podían ser individuais ou grupais.

O CARNAVAL É MÁXICO, NO QUE PODEMOS FACER MOITAS COUSAS!

ANDREA CORDEIRO ENRÍQUEZ

LETRAS GALEGAS 2014

O POETA e TRADUTOR GUITIRICENSE

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



A Real Academia Galega (RAG) decidiu dedicar o Día das Letras Galegas deste ano a este poeta lucense.

Salientar o labor de Xosé María como docente, o seu traballo en prol da nosa lingua galega e a defensa do desenvolvemento da nosa terra. Díaz Castro mantivo ao longo de toda a súa vida, e malia súa condición de funcionario residente en Madrid, un fondo compromiso coa cultura galega do seu tempo.

Nado nos Vilares (Guitiriz, Lugo) o 19 de febreiro de 1914 e finado en Lugo o 2 de outubro de 1990. Os seus versos, afondan nas grandes preguntas do ser humano, desde unha perspectiva intimista e fortemente ligada á natureza da Terra Chá que o viu nacer. Pertenceu á Xeración de 1936, xunto a poetas coma Carvalho Calero, Celso Emilio Ferreiro e Aquilino Iglesia Alvariño. Membro, xunto con Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Álvaro Cunqueiro e Iglesia Alvariño entre outros, da chamada “**escola mindoniense**”. O seu don de linguas levouno a dominar case todas as linguas de Europa.



Estatua de Cunqueiro e Seminario de Mondoñedo onde estudou Xosé María.

É autor dun único poemario, **Nimbos** (1961) considerado un dos cumes da poesía galega moderna, e que contén o célebre poema “**Penélope**”, ademais de numerosas pezas publicadas desde 1930. A súa linguaxe é rica e exacta e destaca polo seu virtuosismo técnico.

PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

O bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados como sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

Para saber máis:

<http://www.poetadiazcastro.com>


<http://www.xermolos.org> (Asociación Cultural Xermolos)

Nesta páxina atópase o poema “Penélope” recitado polo propio poeta e interpretado por Fuxan os Ventos.

PENÉLOPE

E OUTROS PERSONAXES DA ODISEA DE HOMERO

A Odisea é a segunda gran epopeia grega, algo posterior á Iliada, composta probablemente a finais do século VIII a. C.



A Odisea consta de 24 Cantos ou Rapsodias. Conta as aventuras que viviu Ulises volvendo a Ítaca acabada a guerra de Troia. Ítaca é unha pequena illa do mar Xónico ao norte da illa de Cefalonia, fronte á costa occidental de Grecia, onde ten Odiseo o seu palacio.

O centro do poema está ocupado polas aventuras mariñas, que conta en Feacia o propio Ulises ou Odiseo, guerreiro aqueo fillo de Laertes, rei de Ítaca, patria de Ulises.

Ulises é o eixo de todo o relato, pero hai nel outras figuras menores moi ben debuxadas, como Penélope, Telémaco, Calipso, Nausícaa, Néstor, Menelao, Helena, Atenea, Euriclea, Eumeo, algúns pretendentes, etc.)

PENÉLOPE é a esposa de Ulises ou Odiseo, cuxa man conseguiu nunha competición. Recibe a protección de Atenea igual que Ulises.

TELÉMACO é o fillo de Ulises e Penélope. Sae en busca do seu pai ante os constantes abusos dos pretendentes.

CALIPSO é a ninfa que habita na imaxinaria illa de Ogigia, onde, namorada de Odiseo, retivo ao heroe e lle ofreceu una inmortalidade que este rexeitou.

NAUSÍCAA, filla de Alcínoo, rei dos Feacios.

NÉSTOR, lonxevo rei de Pilo, é o conselleiro de Ulises.

MENELAO, rei de Esparta e irmán de Agamenón.

HELENA, filla de Zeus, deus celeste que, tras destronar ao seu pai Crono, convértese en deus soberano. Os irmáns de Zeus, Hades, deus dos mortos e Poseidón ou Posidón, fillo do mar, caracterizado por unha violencia non suxeita a regras.

ATENEA, deusa filla de Zeus. Como deusa da intelixencia e dos aspectos tácticos da guerra é protectora dos heroes que reúnen estes requisitos.

EURICLEA, criada e fiel ama e coidadora de Odiseo e de Telémaco.

EUMEO, fiel porqueiro de Odiseo. Fora vendido de neno a uns piratas como esclavo.



THIS IS FRIDA KAHLO



ARTIST



COUNTRY

She was a famous painter.
She was born in Coyoacán (Mexico) in 1907.
She liked to taking self portraits.
She used surrealism and folkloric elements.
She died in 1954.

INTERESTING FACTS

She was sick of polio in 1913.
When she was a little girl, she practiced football and boxing.
She had a serious accident in 1925.
Her marriage to Diego Rivera was very difficult.
She had a dramatic life. This fact influenced her work greatly.
Her full name is Magdalena Carmen Frida Kahlo Calderón.

By Teresa

PAINTERS BIOGRAPHIES

Frida Kahlo


Coyoacán, México 1907

Coyoacán, México 1954

"HE AND MY SAPPERS" (1941)

This painting makes me feel pleasant.
I like it because it is pleasant and original.






Mercedes Ruibal

By Iris

Xeve, Pontevedra, 1928

Pontevedra, 2003



THIS IS PAUL KLEE



Paul Klee



Switzerland

He was a famous artist painter.
He was born in Switzerland in 1879.
He liked using thin strokes.
His favourite colours were warm shades.
He used shapes and letters creating symbols.

INTERESTING FACTS:

Klee worshipped art created by children.
And he pushed his mind to imitate the children style in his works.
Picasso and Kandinsky were his friends.
He taught art in Germany until 1933, when the National Socialists declared his work indecent.

References: Quero pint arte and biography.com/paul Klee. By: Iria

Paul Klee

Münchenbuchsee,
Suiza, 1879

Muralto, Suiza, 1940



- THIS PAINTING MAKES ME FEEL FREE.
- I LIKE THE WAY HE MIXES THE COLOURS.

THIS IS MARUJA MALLO



MARUJA MALLO

- She was born in Viveiro, Galicia.
- She was a Spanish painter and ceramist.
- She liked using surrealistic forms.
- Her favourite colours were the bright colours.
- She also used ceramics.
- She lived in several places in Europe.
- She returned to Spain in 1964.
- She died in 1995 in Madrid.

Maruja Mallo

Viveiro, 1902

Madrid, 1995



This painting makes me feel happy da Verbo

Cuñas things

- Maruja Mallo was the striker of Surrealism, a rebellious woman was a free spirit.
- Maruja Mallo was actually named Ana Maria Gómez Gomara.
- Maruja Mallo worked in many literary magazines.

By Ana-a-5

PINTAMOS “A PRIMAVERA”

Na clase de música celebramos a chegada da primavera coa audición do Concerto para violín e orquestra “A PRIMAVERA” do compositor italiano **Antonio Vivaldi** (Venecia 1678-Viena1741).

Trátase dunha obra descritiva que evoca a través de elementos musicais distintos aspectos da estación: a chegada da estación, o canto dos paxaros, o son da auga nas fontes, a tormenta...

Coa escoita desta fermosísima música inspirámonos e pintamos as nosas “**obras de arte**”. Velaí algunhas delas:





MEDIACIÓN

Ola, somos os mediadores do colexio. Chamámonos: Claudia, Jorge, María e Víctor.

Estamos nos recreos para axudar aos nenos e ás nenas cando teñen algún conflito (pelexas, insultos, discusións...).

Tentamos resolver os conflitos falando e sen castigar a ninguén.

ESTES SON OS PASOS QUE REALIZAMOS:

1º - Presentámonos aos nenos/as que teñen o conflito.

2º - escoitamos as versións do que pasou cos nenos/as.

3º - Axudamos aos nenos/as para resolver o seu conflito (son os propios nenos/as os que teñen que chegar a unha solución).

4º - Se o conflito é moi grande ou teñen feridas avisamos aos mestres/as.





LETRAS GALEGAS 2014



FLADEIRO